

The background of the entire poster is an abstract composition of numerous thin, overlapping lines in various shades of blue and white. These lines radiate from different points, creating a sense of dynamic movement and depth, reminiscent of a complex web or a starburst pattern.

FORO **creativa**

**INDUSTRIA CULTURAL
GALICIA – NORTE DE PORTUGAL**

Vigo, 9-19 de decembro de 2009

artes escénicas

música

audiovisual

produto gráfico

ENCUNTROS | DEBATE | CONCERTOS | TEATRO | DANZA

XUNTA DE GALICIA

COMUNICACIÓN. AGADIC.

prensa.agadic@xunta.es

Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela


Telefono:
981 577 126 / 981 577 128 (ext. 105 / 116)

Fax:
981 577 101

www.agadic.info

Índice

presentación	5
foro creativa	7
foro artes escénicas	8
foro industria musical	9
encuentro alfándega audiovisual	10
foro producto gráfico	11
espectáculos	
concertos	13
teatro danza	23
guía de recursos en internet	31



Presentación

Baixo o título de CREATIVA, a Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Direcção Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués organizan conxuntamente este FORO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, un encontro multilateral e interdisciplinar entre empresas, creadores e artistas de distintos ámbitos do sector da cultura e das dúas procedencias xeográficas.

A música, a escena, o libro como produto gráfico e a produción audiovisual son os grandes eixos, tanto industriais como artísticos, que vertebran cada unha das actividades desta iniciativa, materializada a través dos distintos modelos de conferencias, mesas redondas e reunións propostas. Será tamén un momento idóneo para a mostra de diversos espectáculos de teatro, danza e concertos, algúns deles producidos expresamente para a ocasión, que virán a complementar o programa coa incorporación do público xeral á parte máis lúdica do evento.

Todos os axentes profesionais que se sitúan nas industrias culturais actuais teñen así, ao seu dispor, unha oportunidade histórica para a exposición, o coñecemento, a reflexión e o debate. A necesidade do intercambio e a cooperación transnacional son os principais activos que presiden todo o plan de traballo de CREATIVA, do mesmo xeito que a premisa de partida é a consideración da cultura como factor básico de desenvolvemento territorial e económico.

A cidade de Vigo acollerá, en múltiples espazos, esta primeira entrega de CREATIVA. Co financiamento a cargo dos fondos FEDER da UE, pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, o proxecto avanzará nos vindeiros meses na súa efectividade integradora e de creación de sinerxías de traballo común mediante a publicación dixital dunha guía de recursos culturais e dunha axenda de actos culturais, así como a través dunha longa serie de accións concretas nas poboacións asentadas a ambas beiras do Miño até finais de 2010.

FORO CREATIVA

FORO

ARTES ESCÉNICAS

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Eduardo Cabello, S/N, Bouzas-Vigo).

15.12.09

■ **18.00 h Mesa de debate: Os repertorios e a creación de públicos.**

COORDINA:

Roberto Pascual, profesor da ESAD.

INTERVEÑEN:

Ánxeles Cuña, directora de Sarabela Teatro e do FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense).

Pedro Fresneda, autor, director, iluminador teatral e director do Teatro Ensalle de Vigo.

Rui Araújo, coordinador do departamento de produción e programación do Teatro luso de Vila Real.

16.12.09

■ **18.00 h Mesa de debate: Novas tendencias escénicas en Galicia.**

COORDINA:

Afonso Becerra, profesor da ESAD.

INTERVEÑEN:

Ana Vallés, autora e directora de Matarile Teatro.

Xesús Ron, membro fundador do grupo Chévere e da Sala Nasa en Santiago de Compostela.

Carlos Neira, fundador e director da compañía Nut Teatro.

17.12.09

■ **18.00 h Mesa de debate: As linguaxes da danza.**

COORDINA:

Ricardo Solveira, profesor da ESAD

INTERVEÑEN:

Cristina Cameselle, coreógrafa e responsable da xestión cultural de DANESGA (Asociación profesional de danza escénica galega).

Ruth Balvís, coreógrafa e bailarina da compañía Pisando Ovos e presidenta de DANESGA.

Joclécio Azevedo, coreógrafo e director artístico do Núcleo de Experimentação Coreográfica (NEC), estrutura dedicada á creación, produción, formación e reflexión na área da danza contemporánea.

Vicente Colomer, codirector da compañía Nova Galega de Danza.

Estefanía Vázquez, produtora e distribuidora de danza.

18.12.09

■ **18.00 h Mesa de debate: O exercicio profesional en Galicia: o convenio.**

COORDINA:

Manuel F. Vieites, profesor da ESAD.

INTERVEÑEN:

Xavier Estévez, actor de teatro e do audiovisual.

Vicente Montoto, actor e director teatral. Presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

COORDINADOR:

MANUEL F. VIEITES

FORO

INDUSTRIA MUSICAL

Illa de San Simón

16.12.09

ACTIVIDADE EXCLUSIVAMENTE PARA PROFESIONAIS.
PRAZAS LIMITADAS.

- **10.00 h** Inauguración.
- **10.10 h Panel Festivais**
Festivais de música na rexión transfronteiriza galego-portuguesa como dinamizadores socio económicos.
- 11.00 h** Descanso.
- **11.30 h Panel Distribución**
A distribución de artistas entre o sur de Galicia e Norte de Portugal. Situación actual e propostas para o futuro.
- 12.30 h** Descanso.
- **13.00 h Panel Discográficas**
A situación actual da industria fonográfica no sur de Galicia e Norte de Portugal. Medidas de fomento.

ENCONTRO ALFÁNDEGA AUDIOVISUAL

17.12.09

■ 09.45 h Inauguración.

■ 10.00 h Panel 1

Liga xove: Orixe e asentamento dun festival.

RELATOR:

Juan Morgade López, presidente de ATEGA (Asoc. de Técnicos do Audiovisual de Galicia).

INTERVEÑEN:

Alfonso Pato, director do Festival de Cans.

Ángel Sánchez, director do PlayDoc (Festival Internacional de Documentais de Tui).

Cuchi Carreira, director do Festival Redondela en Curto.

André Martins, director do Filminho (Festival do Cinema Galego e Portugués).

Jorge Lucas Pino, director do Mívico (Mostra Independente de Videocreación de O Condado).

■ 11.30 h Panel 2

Liga veterana: O festival ao longo do tempo.

RELATORA:

Dolores Ben, presidenta de AGAPI (Asociación Galega de Produtoras Independentes).

INTERVEÑEN:

António Reis, director de Fantasporto (Festival Internacional de Cinema do Porto).

Miguel Dias, director de Curtas Vila do Conde. Festival Internacional de Cinema.

Enrique Nicanor, director do Festival de Cine Internacional de Ourense.

Fernando López, director do Certamen Audiovisual Internacional Liceo Casino de Vilagarcía.

Asunción Ribero, concelleira de Educación e Cultura do Carballiño (Xociviga).

13:00 h Descanso.

■ 13:15 h Debate. Novas políticas culturais. A revisión dos festivais.

RELATOR:

Pepe Coira, vicepresidente da Academia Galega do Audiovisual.

INTERVEÑEN:

Enrique Nicanor, director do Festival de Cine Internacional de Ourense.

Ángel Sánchez, director do PlayDoc, Festival Internacional de Documentais de Tui.

O foro dos Festivais clásicos e emerxentes do Sur de Galicia e Norte de Portugal

Centro Sociocultural Caixa Galicia

(Rúa Policarpo Sanz, 21, Vigo).

Alfonso Pato, director do Festival de Cans.

Jorge Lucas Pino, director do Mívico (Mostra Independente de Videocreación de O Condado).

Cuchi Carreira, director do Festival Redondela en Curto.

Asunción Ribero, concelleira de Educación e Cultura do Carballiño (Xociviga).

■ 16.30 h Panel 3

Relación dependente: Festival vs Creador.

RELATORA:

Camila Bossa, vogal do Audiovisual, Asociación Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

INTERVEÑEN:

Mario Iglesias, director de Cine.

Alber Ponte, director de Cine.

Marcos Nine, director de Cine.

Susana Rey, directora de Cine.

17.45 h Descanso.

18.00 h Debate. Bosquexo de futuro: Supervivencia en tempos de crise.

RELATOR:

Manolo González, produtor e fundador da Escola de Imaxe e Son da Coruña.

INTERVEÑEN:

Miguel Dias, director de Curtas Vila do Conde. Festival Internacional de Cinema.

António Reis, director de Fantasporto (Festival Internacional de Cinema do Porto).

Ángel Sánchez, director do PlayDoc (Festival Internacional de Documentais de Tui).

Susana Rey, directora de Cine.

Fernanda del Nido, produtora de Tic-Tac Producciones.

Camila Bossa, actriz.

■ 19.00 h Escolma de pezas producidas nos centros formativos do audiovisual no sur de Galicia.

Escola de Imaxe e Son de Vigo RTV (EISV).

IES Audiovisual de Vigo.

Escola Superior de Artes Cinematográficas de Galicia (EGACI).

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.

20.00 h Fin do encontro.

COORDINADOR: XAIME FANDIÑO

PRODUTORA: DIANA GONÇALVES

FORO

PRODUTO GRÁFICO: RETOS PARA O SÉCULO XXI

Instituto de Desenvolvemento Caixanova.
Centro Social Caixanova
(Rúa Policarpo Sanz, 24-26, Vigo).

18.12.09

- **10.00 h** Inauguración.
- **10.15 h** Mesa de debate: **As editoriais fronte aos retos das novas tecnoloxías.**

INTERVEÑEN:

Manuel Casal, xerente de Grial Libros.

Juan A. Penas Lamas, xerente do Cluster do Produto Gráfico e do Libro Galego.

- **10.45 h** Mesa de debate: **As empresas de comunicación como ferramenta de posicionamento das empresas da eurrerrexión.**

INTERVEÑEN:

Jaime Conde, director xeral de Quattro IDCP Publicidad.

Paulo Ribeiro Cardoso, consultor de comunicación. Ex director de Sinopublicidad e Atransformadora.

- **11.15 h** Mesa de debate: **A relevancia do factor do deseño nas empresas de impresión.**

INTERVEÑEN:

Carlos Docampo, xerente de Gráficas Anduriña.

Nuno Miguel Carvalho Araújo, socio-xerente de Gil Vicente Artes Gráficas, Barcelos (Portugal).

- **11.45 h** Debate

MODERADOR: **Juan A. Penas Lamas.**

12.15 h Conclusións.

12.20 h Café.

COORDINADOR:

JUAN A. PENAS LAMAS

CONCERTOS

Entradas para os concertos:

Información e prezos nas billeteiras das salas.

16.12.09 22.30 h

La Iguana Club

(Rúa Churruca, 14, Vigo).



THE BLOWS

(Galicia)

<http://www.myspace.com/theblows>

Con novo batería (Gael Pintos) e novos temas na recámara, a banda vén de facerse con varios sintetizadores analóxicos. Buscan facer sentir ao público o mesmo que senten eles cando pinchan o “Chairs Missing” de Wire ou o “Grotesque” de The Fall. Perfectas melodías de club sen perder un ápice a intensidade incendiaria dos seus directos. Un acedo acento cockney británico e a evolución musical da banda, que nos amosa a un grupo que xa deixou de lado inocentes emulacións, meros xogos de “intentar soar como” e nos prepara para o que serán as súas seguintes gravacións en estudo que verán a luz proximamente.

16.12.09 22.30 h

Auditorio do Centro Cultural Caixanova

(Marqués de Valladares, s/n, Vigo).



ROI CASAL

(Galicia)

<http://www.roicasal.com>

A unión entre a música tradicional, a modernidade, o profesionalismo, e mais o galeguismo fusionáanse neste músico dunha forma natural e harmónica. Sen imposicións. Sen modas. Nace así Lendas Douradas, resultado dun proceso de interpretación da cultura do noso país dende a perspectiva dun cidadán do século XXI.

É este un traballo que parte da defensa do noso pero sen mirar só para nós. Esencialmente quere ser continuidade do fío histórico dos que amaron a Galicia e máis a súa cultura, sen construír fronteiras, sen pór trabas a súa normal evolución.

É un disco para unha nova xeración que ve no feito diferencial de todas as culturas do mundo o meirande tesouro que posúe a humanidade.



ANXO LORENZO

(Galicia)

www.myspace.com/anxolorenzo

O gaitero fusiona o son puro e natural da gaita galega cunha ampla variedade de estilos musicais alternativos coma o rock, pop, jazz, flamenco, chill out, hip-hop, música electrónica... para así converter a gaita nun instrumento "avant-garde" sen renunciar ás súas raíces celtas.

Anxo ten colaborado no que se coñece como o "Who is Who" da música mundial. Na súa traxectoria ten participado en proxectos de grupos coma The Chieftains, Celtas Cortos, Iain MacDonald, ou The National Jazz Orchestra. Neste concerto estará acompañado por: Xosé Liz: bouzouki; Begoña Riobó: violín; Eoghan Neff: violín; Álvaro Iglesias: contrabaixo e Milla: bordhan.

17.12.09 22.30 h

Sala Mondo Club

(Joaquín Lóriga, 3, Vigo).



OLD JERUSALEM

(Portugal)

www.myspace.com/oldj

Logo de tres traballos aclamados pola crítica, "April (2003)", "Twice The Humbling Sun" e "The Temple Bell", un dos máis importantes cantautores portugueses da actualidade, Old Jerusalem, volve con "Two Birds Blessing". Un álbum composto de 11 pistas sobre a esperanza e o amor. Recomendado para quen lle gusta Devendra Banhart, Bill Calahan, Will Oldham ou Damien Jurado.

Old Jerusalem cre con firmeza que todos os discos deberían ser unha experiencia accesible por todo o mundo. A soidade, o santuario e o silencio enxendran unha sorte de exorcismo. "Two Birds Blessing" é o novo álbum de Old Jerusalem, un traballo desgarrador e reconfortante que se aventura máis aló do que predice a súa simple historia.



NIÑO Y PISTOLA

(Galicia)

www.ypistola.com

www.myspace.com/ypistola

O pop de Niño y Pistola é pop atemporal. As melodías, harmonías vocais, os arranxos... todo inflúe nun son onde se adiviñan as influencias dos clásicos. O seu debut "Como un maldito guisante" (Mulberry Records, 06) foi presentado nun gran número de salas de todo o país e recibiu unha excelente acollida por parte do público. No seu novo traballo "Culebra" (Astro 08), Niño y Pistola evoluciona cara a un son máis profundo, potenciando as melodías e levando o seu directo cara a un terreo máis sólido no que as cancións amosan todos os seus matices e carga emocional.

18.12.09 21.00 h

Cine Salesianos
(Venezuela 3, Vigo).



AMÁLIA HOJE

(Portugal)

www.myspace.com/amaliahoje

No escenario os Hoje; Sónia Tavares, Fernando Ribeiro, Paulo Praça e Nuno Gonçalves, tocan en directo as cancións do disco Amália Hoje. Fanse acompañar dunha orquestra e do coro de voces que gravou en estudio as cancións pop de Amália. No escenario non prometen xaites negros nin guitarras portuguesas; si haberá espazo para unha guitarra eléctrica portuguesa, unha batería portuguesa, e unha decena de músicos que representan dalgunha forma a nova maneira de cantar o pop en Portugal. No escenario haberá tan só unha cousa: alegría. Alegría por encerrar con chave de ouro un proxecto que sempre quixeron vivir de verdade. Gustan das súas cancións, rin, choran, rasgan a súa pel por elas. O escenario é verdade absoluta. É presente, é seu. É voso se quixerades unha vez máis, do pobo.

18.12.09 21.00 h

Sala Contrabajo
(Venezuela, 82, Vigo).



KIKO AGUADO & CELIA MUR

(Galicia)

www.celiamur.com

www.kikoaguado.com

Dúo formado polo guitarrista pontevedrés Kiko Aguado e a cantante granadina Celia Mur. Aguado e Mur son pintores. Cada nota percíbírona mentalmente cunha cor. Xa que logo, a cor da música é o resultado da combinación das cores das súas notas.

18.12.09 22.30 h

La Fábrica de Chocolate Club

(Rogelio Abalde, 22, Vigo).



AQUAPARQUE

(Portugal)

www.myspace.com/aquaparque

Unha agradable sorpresa musical no país veciño. Neste caso é unha proposta máis derivada cara ás influencias de Radiohead e outros grupos de pop electrónico.



BFLECHA (dj session)

(Galicia)

www.myspace.com/bflecha

Produtora, compositora, vocalista e dj afincada en Vigo; tamén encabeza en Galicia a nómina de produtores de hip-hop contemporáneo.

19.12.09 20.00 h

MARCO

(Príncipe, s/n, Vigo).



CREATIVA ARTE SONORA

**CARLOS SUÁREZ + XE
+ COLECTIVO SOOPA**

(Galicia-Portugal)

Espectáculo musical no que participarán, Carlos Suárez Sánchez, compositor e etnomusicólogo galego; Xe, músico e artista performance e os portugueses Colectivo Soopa coa acción Evocação da Resonância, performance sonora no que se recrea un ataque sónico mediante o emprego de "samples" provenientes de arquivos de sereas antiaéreas empregadas na Segunda Guerra Mundial

TEATRO | DANZA

Entradas para teatro e danza:

Acceso gratuito até completar a capacidade.

09.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).

NUT TEATRO “Wake Up” (Galicia)

Adultos | Teatro de actor | 70 min.

Autoría: Nut Teatro
Dirección: Carlos Neira
Escenografía: Nut Teatro
Iluminación: Octavio Mas
Son: Nut Teatro
Vestuario: Nut Teatro
Música: Alain Baumann (Konic Thtr)
Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Arantza Villar, Iria Sobrado, Carlos Neira

Con Wake Up a compañía Nut Teatro continúa a liña de traballo trazada nas súas anteriores propostas escénicas, onde apostaba por obras experimentais que combinaban fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á arte realizativa ou de acción. O espectáculo reflexiona sobre a intimidade e as relacións xurdidas de novos modelos de convivencia que o devir dos tempos fixo aparecer: as camas quentes, expresión referida ao leito subarrendado a homes e mulleres.

Cando se derruba a fachada dunha casa queda nas paredes unha pegada da vida vivida tras ela: pintura descascada, azulexos, papel de parede, vigas de madeira, limiares. Paredes que xa non resgardan nada, á intemperie, espazos abertos que manteñen anacos de materiais vellos, estruturas espidas.

Arquitectura caducada, cicatrices na paisaxe urbana, memoria, espazos vívidos.

Edificios derruídos.

Sedimentación na que se xesta a identidade.

Arquitectura sensible.

Pel activa, interactiva e sensible.


Veo que vela.

Veo que vela e revela contradicións e abusos.

Nut Teatro é unha compañía teatral galega fundada en maio de 2006 que aposta por propostas contemporáneas.

2007: *Corpos disidentes*. Teatro Principal (Santiago), A Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo, Ribadeo, Viveiro, O Carballiño, Cee, Gondomar, O Milladoiro e Ferrol. *SIMULACRO 2007* na Sala Triángulo (Madrid), Feira das Artes Escénicas de Galicia, Escena Contemporánea (Madrid), Centro de Arte Contemporánea de Huarte (Navarra), FITEI do Porto e Sala Nasa (Santiago).

2007: *4.48 Psicose*. Sala Nasa, MITEU, 125 Anos de Teatro en Galego: A Coruña, Noia, Viveiro, A Estrada e Vilagarcía de Arousa. FITEI (O Porto), MIT (Ribada-



via). Pontevedra, Vilalba, Ferrol, Gondomar, O Carballiño, Ribadeo e Vigo.

2007: *A mirada de Pier*. Sala Nasa (Santiago), Ferrol, Ourense, Pontevedra, Compostela, Vigo, A Coruña, O Carballiño, Vilalba, Lagos (Portugal), ALT (Vigo), X Mostra SESC de Cultura do Cariri no Ceará (Brasil) e 15º Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife (Brasil).

2008: *Peep Show*, performance creada para o ciclo 'AccionST' do CDG, Salón Teatro (Santiago).

2008: *Show Room*, no espazo Los Sastrecillos Valientes (Santiago).

2009: *Wake Up*. FITEI, Salón Teatro (Santiago).

10.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).

BORJA FERNÁNDEZ E UXÍA VAELLO “Play”

(Galicia)

Adultos | Teatro/danza | 55 min.

Creación e interpretación: Borja Fernández e Uxía P. Vaello

Asistencia dirección: Catarina Câmara

Iluminación: Afonso Castro

Espazo sonoro: Borja Fernández,

Es un árbol

Vestuario: Uxía P. Vaello, Clotilde Vaello

Manipulando con que obxectivo? En busca de que?

No intento de acadar a perfección, por que operar sobre nós cando podemos experimentar sobre outros? Ou, polo menos, iso deberon pensar o mestre Yehudi, Gepetto, o Dr. Frankenstein e os creadores de criaturas— exactamente!: “criaturas”— como Eduardo-Mans-de-Tesoura ou a clonada ovella Dolly... Ademais de xogos coa realidade, estes experimentos de aleación do humano co obxecto, o deus, ou simplemente nada, son viaxes no tempo, loops, rewinds, viaxes ao pasado, viaxes ao futuro e a momentos invisibles, intocables... ao imaxinario, ao fantástico, ao sempre pensado e nunca tocado... son xogos onde participan personaxes manipuladores e manipulados usando todas as súas capacidades para conseguir modificar ao outro, desde o inerte ao vivo, do vivo ao humano, do simplemente humano ata o emotivo...

Play é a primeira colaboración escénica entre Borja Fernández e Uxía P. Vaello, intérprete multidisciplinar o primeiro e bailarina a segunda. Trátase duna peza que se encadra dentro do xénero do teatro-danza e onde os dous, creadores e intérpretes da peza ao mesmo tempo, abordan o tema da manipulación, a través da hibridación das linguaxes nas que teñen traballado: o teatro, a música, e a danza, retomando algunhas características dos “estilos” das súas creacións anteriores.

PLAY céntrase no tema da manipulación inspirándose en historias similares enter si, extraídas da literatura e o cinema de sempre, e incluso da realidade: Mestre Yehudi e o neno Walt (da novela Mr. Vértigo de Paul Auster), Gepetto e Pinocchio, o Dr. Frankenstein e a súa criatura, Eduardo-Mans-de-Tesoura e o seu creador e o Dr. McWhir e a Ovella Dolly, entre outros.

A reflexión acerca deste tema, desde este punto de vista, dá como resultado unha peza de carácter intimista, na que a manipulación aparece como estímulo, temática, acción escénica e como idea que envolve cada unha das situacións presentadas en cada escena. Ademais, aparece tamén a manipulación como sistema de traballo e é aplicado tanto á construción de material



escénico (texto, movement, acción e son), como ao seu desenvolvemento e, finalmente, na construción da dramaturxia.

No palco, preséntase un xogo continuo entre dous personaxes que mudan do rol do manipulador ao manipulado unha e outra vez, que manteñen unha relación indefinida en constante metamorfose, e que viaxan no tempo e en espazos imaxinarios, que eles propios crean, ou imaxinan, que se están a descubrir a si mesmos como produto dun proceso de construción deles propios, e que sofren da fragilidade de habitar o concreto e o abstracto e, sobre todo, a liña que separa estes dous mundos.

11.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).



O RETRETE DE DORIAN GRAY “Rúa aire”

[Cataluña-Galicia]

Infantil 7 a 12 anos | Monicreques | 60 min.

Autoría: O Retrete de Dorian Gray

Dirección: Jordi Farrés

Escenografía: José Perozo, Rafa Barreiro

Iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Cloti Vaello

Música: Pablo Rega

Elenco: Marcos PTT Carballido, Ezra Moreno

Unha vetusta máquina de procesar e inflar globos...

Unha xénese nada máis empezar...

Un puñado de globos emperrados en vivir...

Unha ducha accidentada...

Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas...

O vento que chama á porta...

Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico...

Unha bomba de inflar con patas...

Un final que coincide coa conclusión da obra...

E iso.

(polo medio, algunha cousa máis...)

O Retrete de Dorian Gray pretende explorar os escabrosos territorios do teatro visual, o teatro físico, a manipulación de obxectos... todo iso sen esquecer que o espectador está aí adiante, ou aos lados, e mesmo detrás, de modo que, para non deixalo de lado, investigan formatos próximos nos que ver un espectáculo sexa algo máis que un estímulo ocular e auditivo. Iso é o que pretenden. Que o consigan xa é outra cousa.

Os seus espectáculos Blazek e Rúa Aire (coproducido polo Centro Dramático Galego), así como os seus formatos de Entresort Ne Me Quitte Pas e Teatrillo Mágico, estiveron presentes nos festivais Esceña Poblenou (Barcelona), Festus (Torrelló), Trapezi (Reus Panorama (Olot), Mostra de Autores Contemporáneos (Alacant), EnClave de Calle (Burgos), Festival Internacional Molina de Segura, Pistes de Lancement (Bruxelas), Millenium Jam (Bélxica), Gest (Esparreguera), Frutos Festival (Foz-Calanda), 1, 2, 3 pallaso! (Tiana), Umor Azoka (Leioa), Veranos de la Villa (Madrid), Galicreques, Abrazos ou D'Gorra (Santiago), ademais de en salas como Carme Teatre, Teatro Pradillo ou a Sala Nasa.

16.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).

PERIPÉCIA TEATRO **“Vincent, Van e Gogh”**

(Portugal)

Maiores de 12 anos / 70 min.

Autoría: Peripécia Teatro
Dirección: José Carlos Garcia
Escenografía: Peripécia Teatro e Zétavares
Iluminación: Paulo Neto
Vestuario: Peripécia Teatro
Elenco: Sérgio Agostinho, Noelia Domínguez e Ángel Fragua

Vincent Van e Gogh son tres dos personaxes que ocupan un espazo con pinceis, teas, chapeus e cabaletes. A través da relación e o xogo destes personaxes cos obxectos emerxen figuras e situacións que marcaron a vida e a pintura de Van Gogh.

A narrativa non é cronoloxicamente lineal, o que permite situacións escénicas que nos transportan para ambientes de delirio, de inqueda e de trastorno, ás veces asociados a algunha retranscra e humor. O espectáculo oscila, pois, entre o drama e a comedia, a realidade e a imaxinación, entre a vida e a arte.

Cadros de Vincent, Van y Gogh:

- Xirasoles
- Hospital de Saint-Remy
- Os Comedores de Patacas
- Paris
- A casa Amarela en Arles
- Auto Retrato con Orella Cortada
- Hospital de Saint-Remy II
- Dr. Gachet
- Campo de Trigo Sen Corvos
- Última Carta para Vincent

Peripécia Teatro nace en maio de 2004 coa estrea do seu espectáculo “IBÉRIA - A tola historia dunha Península”, no Novo Ciclo ACERT de Tondela, Portugal, co apoio do Ministerio de Cultura de Portugal. Nese mesmo ano crea e estrea “CLEAN CLOWN - Servizos de Limpeza”, espectáculo cómico - visual. Ao ano seguinte estrea en residencia artística no Teatro de Vila Real o espectáculo Vincent, Van e Gogh.

En 2006 é apoiada polo Ministerio de Cultura Portugués para a creación do espectáculo “Sou do Tamanho do que Vejo” a partir de textos de Fernando Pessoa, con dramaturxia e dirección de Luis Blat.

En 2007 crea o espectáculo “NOVECIENTOS - O Pianista do Océano”, baseado nun texto de Alessandro Baricco. Estrea no Teatro de Vila Real, co apoio do Ministerio de Cultura.



É convidada pola “Direcção Regional da Cultura do Norte/ Ministério da Cultura” a crear unha performance a partir de textos de Miguel Torga para o peche das conmemoracións do centenario do nacemento do poeta.

En 2008 estrea o espectáculo “Mamá?!” en coprodución co Teatro de Vila Real e o apoio da Fundación Calauete Gulbenkian.

Desde o comezo da súa actividade até o de agora ten estado presente en diversos festivais nacionais e internacionais así coma en varias salas de espectáculos en Portugal continental, Azores, España, Francia e Brasil.

17.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).



NÚCLEO DE EXPERIMENTAÇÃO COREOGRÁFICA

“Uma peça encomendada”

(Portugal)

Maiores de 16 anos / Performance / 45 min.

Dirección: Joclécio Azevedo
Intérprete: Joclécio Azevedo

“Unha peça encomendada” é un solo creado para o Circular – Festival de Artes performativas de Vila do Conde en 2009.

Esta ‘performance’ foi constituída a partir dunha encomenda colectiva, aberta e personalizada por parte dos espectadores, cuxas contribucións se manifestan en forma de suxestións temáticas, introducións para a realización de accións ou imaxes e referencias diversas enviadas a través dun enderezo e-mail creado especialmente ao efecto.

A partir da interpretación das contribucións recibidas esta performance reúne, entre outras cousas, a manipulación de obxectos diversos, o uso de poses maquiavélicas, sons doutro mundo, referencias a

personaxes de filmes e libros, ou á exploración de conceptos coma o medo, o desexo ou a verdade.

O Núcleo de Experimentação Coreográfica (NEC) existe desde 1993. Produciu o seu primeiro proxecto en 1995 e foi constituído como asociación cultural sen ánimo de lucro en 1997, data a partir da cal obtén o apoio consecutivo do Ministerio de Cultura. As súas actividades céntranse na creación de proxectos de experimentación coreográfica, na realización de residencias artísticas, na formación e na produción dos seus creadores asociados.

Joclécio Azevedo é un dos membros fundadores da estrutura e actual director artístico. Naceu no Brasil en 1969. Vive e traballa no Porto desde 1990. Desenvolve o seu traballo coreográfico desde 1999, á par da súa actividade como performer.

18.12.09 20.00 h

IES Audiovisual/ESAD de Galicia
(Rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas-Vigo).



GALITOOON **“Rosalía a pulga que escribía”**

(Galicia)

Infantil 3 a 7 anos | Monicreques | 50 min.

Autoría: Andrea Bayer
Dirección: Santiago Alonso, Andrea Bayer, Luis Miguel Rodríguez
Escenografía: Santiago Alonso, Begoña Paz
Iluminación: Daniel Abalo
Son: Daniel Abalo
Vestuario: Lola Gómez
Música: Diego Paz, Elena Paz
Elenco: Raquel Queizás, Óscar Ferreira

Rosalía, a pulga que escribía

Había unha vez unha pulga moi, moi pequena: Rosalía. Rosalía escribe unha carta cada día, métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, O Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levárllelas aos destinatarios... e de lér-llelas. Á señora Toupa porque non ve, a dona Xirafa porque perdeu os lentes, á Ovella porque non sabe ler, ao señor Ratón porque lle encanta que lle lean e

a Mr. Elefante porque só sabe ler en inglés. O contido da carta é unha invitación: O MARTES 3 ÁS 10, UNHA FESTA NA CASA DE ROSALÍA. Todos reciben unha carta, todos menos Bruno, O Canguro. ¿Por que? Por que é unha festa sorpresa para... BRUNO.

Galitooon é unha empresa galega de televisión, teatro e espectáculos que fusiona técnicas e medios nunha constante experimentación por atopar un selo propio e un modelo creativo de negocios baseado en contados intelixentes. Entre os seus traballos en televisión destacan O Galo Cecilio de Supermartes, as vacas Pinta e Marela de Luar ou o programa Cousiñas. No eido teatral, cómpre citar a varias veces premiada Golulá e Babiliglub, coas que a compañía segue xirando por Galicia, por todo o resto do Estado e, mesmo, polo exterior (Cuba, Portugal...).

	mércores 9	xoves 10	venres 11
10:00			
11:00			
12:00		12.00 h Presentación aos medios de comunicación do FORO CREATIVA. MARCO (Rúa Príncipe, s/n. Vigo)	
13:00			
14:00			
15:00			
16:00			
17:00			
18:00			
19:00			
20:00	20.00 h NUT TEATRO "Wake Up" (IES Audiovisual/ESAD).	20.00 h BORJA FERNÁNDEZ E UXÍA VAELLO "Play" (IES Audiovisual/ESAD).	20.00 h O RETRETE DE DORIAN GRAY "Rúa Aire" (IES Audiovisual/ESAD).
21:00			
22:00			

martes 15		mércores 16		xoves 17		venres 18		sábado 19	
		FORO INDUSTRIA MUSICAL		ENCONTRO ALFÁNDEGA AUDIOVISUAL		FORO PRODUTO GRÁFICO			10:00
		10.10 h Panel Festivais: Festivais de música na rexión transfronteiriza galego-portuguesa como dinamizadores socio económicos (Illa de San Simón).		10.00 h. Panel 1. Liga xove: Orixe e asentamento dun festival (Centro Cultural Caixa Galicia).		10.15 h Mesa de debate: As editoriais fronte aos retos das novas tecnoloxías (Centro Social Caixanova).			11:00
		11.30 h Panel Distribución: A distribución de artistas entre o sur de Galicia e Norte de Portugal. Situación actual e propostas para o futuro (Illa de San Simón).		11.30 h Panel 2. Liga veterana: O festival ao longo do tempo (Centro Cultural Caixa Galicia).		10.45 h Mesa de debate: As empresas de comunicación como ferramenta de posicionamento das empresas da eurrerrexión (Centro Social Caixanova).			12:00
		13.00 h Mesa de debate: Os repertorios e a creación de públicos (Illa de San Simón).		13.15 h Debate. Novas políticas culturais. A revisión dos festivais (Centro Cultural Caixa Galicia).		11.15 h Mesa de debate: A relevancia do factor do deseño nas empresas de impresión (Centro Social Caixanova).			13:00
						11.45 h Debate (Centro Social Caixanova).			
									14:00
									15:00
				16.30 h ENCONTRO ALFÁNDEGA AUDIOVISUAL. Panel 3. Relación dependente: Festival vs Creador (Centro Cultural Caixa Galicia).					16:00
				18.00 h FORO ARTES ESCÉNICAS. Mesa de debate: As linguaxes da danza. (IES Audiovisual/ESAD).					17:00
				18.00 h ENCONTRO ALFÁNDEGA AUDIOVISUAL. Debate. Bosquejo de futuro: Supervivencia en tempos de crise (Centro Cultural Caixa Galicia).		18.00 h FORO ARTES ESCÉNICAS. Mesa de debate: O exercicio profesional en Galicia: o convenio. (IES Audiovisual/ESAD).			18:00
FORO ARTES ESCÉNICAS	18.00 h FORO ARTES ESCÉNICAS. Mesa de debate: Novas tendencias escénicas en Galicia. (IES Audiovisual/ESAD).			19.00 h ENCONTRO ALFÁNDEGA AUDIOVISUAL. Escolma de pezas producidas nos centros formativos do audiovisual no sur de Galicia (Centro Cultural Caixa Galicia).					19:00
	18.00 h FORO ARTES ESCÉNICAS. Mesa de debate: Os repertorios e a creación de públicos. (IES Audiovisual/ESAD).								
		20.00 h PERIPÉCIA TEATRO "Vincent, Van e Gogh" (IES Audiovisual/ESAD).		20.00 h NÚCLEO DE EXPERIMENTAÇÃO COREOGRÁFICA "Uma peça encomendada" (IES Audiovisual/ESAD).		20.00 h GALITOON. "Rosalía, a pulga que escribía" (IES Audiovisual/ESAD).	20.00 h CREATIVA ARTE SONORA. CARLOS SUÁREZ + XE + COLECTIVO SOOPA (MARCO).		20:00
						21.00 h AMÁLIA HOJE (Cine Salesianos)			21:00
						21.00 h KIKO AGUADO & CELIA MUR (Sala Contrabajo)			
	22.30 h THE BLOWS (La Iguana Club).	22.30 h ROI CASAL E ANXO LORENZO (Auditorio Centro Cultural Caixanova).		22.30 h OLD JERUSALEM E NIÑO Y PISTOLA (Sala Mondo Club)		22.30 h AQUAPARQUE E BFLECHA (La Fábrica de Chocolate Club)			22:00

GUÍA DE RECURSOS CULTURAIS EN INTERNET

Guía web

Un dos proxectos asociados ao Foro Creativa é o desenvolvemento dunha completa guía de recursos culturais do Sur de Galicia e do Norte de Portugal, aloxada para o seu acceso público no enderezo web **www.creativacultural.com**. Esta plataforma dixital nace con vocación de futuro no sentido de continuar ampliando e actualizando os datos inicialmente recollidos, buscando ofrecer unha ferramenta de traballo e de consulta que resulte de utilidade tanto para os profesionais da cultura como para os internautas interesados.

No caso da información correspondente a Galicia, a primeira versión da guía recolle datos de preto de 300 empresas culturais das provincias de Ourense e Pontevedra clasificadas segundo a súa actividade principal: compañías escénicas, grupos de música, produtoras, son, iluminación, artes gráficas, organismos oficiais, escolas profesionais, etc. Ofrecense, ademais, información de contacto duns 200 espazos escénicos de ambas provincias.

Este soporte web completarase nos próximos meses cunha axenda cultural transfronteiriza.

AGADIC
Axencia Galega das Industrias Culturais

Rúa da Vesada s/n, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefono: 981 577 126 / 981 577 128
Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es

www.agadic.info

www.creativacultural.com

